

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 2 DE MARZO DE 2010

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

Lic/336/2010.- Manuel Suárez Rúa.- Derruba das placas de forxado da terraza e da escaleira da vivenda unifamiliar sita na Avda. de San Lázaro nº 99.

Lic/2220/2008.- Ferruxe Instalaciones, S. L.- Dúas vivendas unifamiliares no lugar de San Miguel dos Agros, Finca 11303 de Toxeiras.

SUBSANACION DE ACORDO.-

Lic/1201/2003.- Jesús e María de los Angeles Vizcaíno Brañas.- Cambio de uso do edificio sito na Avda. de Lugo nº 87 -89.

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

359/2010.- Dolores Otero Rivas.- Expte. Lic/ 567/2005 2.500 €.-

35/2010.- Uneda 2000, S. L.- Expte. Lic/682/2004 10.000 €.-

1943/08.- Montelnor.- Expte. Lic/1899/2007 3.000 €.-

1944/08.- Montelnor.- Expte. Lic/1659/2007 1.000 €.-

APERTURAS.-

Lap/66/2006.- Rubén Varela Quiñoy.- Licenza de apertura de café-bar en rúa Salvador García Bodaño nº 90. Informar favorablemente e remitir á Consellería de Medio Ambiente e á de Xustiza.

6.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse diversas axudas sociais por un importe total de 1.743 euros.

7.- Propostas da concelleira delegada de Cidade Histórica e Rehabilitación relativas á concesión de axudas a rehabilitación de inmobles do Casco Histórico.

- Apróbanse dúas axudas para proxectos singulares de rehabilitación na Cidade Histórica por importe de 400.000 euros.

- Apróbase unha axuda para elementos especiais de madeira por importe de 20.000 euros.

- Apróbase o cambio de titularidade dunha axuda para a rehabilitación dunha vivenda de 2.790 euros.

- Procédese á corrección dun erro material nunha axuda para elementos especiais de madeira.

8.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación dos prazos de reserva de praza do alumnado, solicitudes de admisión de novo alumnado e matrícula na Escola Municipal de Música para o curso 2010-2011, así como o procedemento para a súa realización.

Apróbanse os devanditos prazos, que quedan do seguinte xeito:

Alumnado do Centro

Reserva de praza 4 ao 14 de maio

Matrícula 18 ao 28 de maio

Novas solicitudes – novo alumnado

Solicitudes 31 de maio ao 11 de xuño

Matrícula 21 de xuño ao 2 de xullo

Exposición listas admisión 15 de xuño

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á devolución de aval depositado pola Xunta de Compensación do polígono B do solo urbanizable non programado número 6 (SUNP-6) de San Lázaro.

Acórdase devolver o devandito aval, depositado en garantía da execución das obras de urbanización do polígono.

10.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel relativa á aceptación de renuncia e nova adxudicación de parcelas das hortas urbanas de Belvís.

Acórdase aceptar a renuncia tácita dos adxudicatarios, para que as parcelas poidan ser adxudicadas a outros interesados respectando a orde establecida na lista de agarda aprobada pola Xunta de Goberno Local.

11.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible relativa á aprobación do proxecto "PARK-ATALANTIC-PARQUES URBANOS ATLÁNTICOS".

Apróbase o devandito proxecto, cuxo custo total elixible ascende a 1.301.170,77 euros, dos cales o FEDER aporta a cantidade de 845.761 euros, que representa unha taxa de cofinanciamento do 65%, e as contrapartidas nacionais supoñen o 35% restante, que ascende a 455.409,77 euros.

12.- Inicio do expediente de contratación das Obras de Reforzo do firme na vía pública M-43-IV URCEIRA (EIXO), incluídas no POS ADICIONAL 2/2009 da Deputación Provincial da Coruña.

Iníciase o devandito expediente, establecéndose un tipo de licitación de 65.934,60 euros máis IVE.

13.- Obras de Urbanización de terreos municipais para Zona Deportiva en SAN LÁZARO (fase I) 2ª licitación.

Autorízase a elaboración do proxecto modificado das devanditas obras, que recolla as variacións de obra, sen repercusión económica, e o outorgamento dun prazo de catro meses contados dende a data de remate do contrato inicial para a finalización da obra.

14.- Adxudicación definitiva do contrato de servizo de inspección periódica de instalacións eléctricas de baixa tensión correspondentes aos alumeados públicos en Santiago de Compostela.

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato coa empresa ASISTENCIA TÉCNICA INDUSTRIAL SAE (ATISAE) por un importe de 26.200 euros máis IVE.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Festas relativa á convalidación das actuacións realizadas en relación do expediente de contratación do arrendamento de carrozas para a cabalgata de reis 2010 e recoñecemento da obriga polos traballos executados.

Convalídanse as actuacións realizadas e procédese ao recoñecemento da obriga polos traballos executados de conformidade co disposto no acordo de adxudicación.

17.- Aprobación do convenio de colaboración para a implantación de 6 postos de información administratel nas dependencias do Concello.

Acórdas a sinatura do devandito convenio coa Fundación Europea para a Sociedade da Información e a Administración Electrónica, con validez dende 1 de abril de 2010 ata o 31 de decembro de 2014.

19.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa á racionalización do gasto corrente para 2010.

Apróbanse diversas medidas para a racionalización do gasto corrente para o exercicio 2010 e acórdase a súa remisión aos distintos servizos aos efectos da súa inmediata aplicación.

URXENCIAS

1. Dáse conta da aprobación do proxecto europeo Santiago-Une.